

PREGUNTAS FRECUENTES RELATIVAS Á CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTRUTURACIÓN DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS

1. En que apartado da memoria se inclúen aos colaboradores do Grupo que non son de Universidades (apartado A4)

Aínda que non se corresponda exactamente no de "Outras figuras externas...". Aquí en vez da universidade ou campus pode indicarse no espazo deses campos o organismo ou institución de procedencia (aínda que non sexa da universidade).

2. No **apartado B.3 CONTRATADOS/AS PREDOUTORAIS, PROCEDENTES DE CONVOCATORIAS COMPETITIVAS** hai que incluír as FPU/FPI ou predoutorais activas no período? ou so as concedidas en 2014, 2015, 2016.

As activas, pero deberá de indicarse tal e como prevé o modelo a data de inicio e fin de cada contrato. Os avaliadores xa terán iso en conta.

3. No apartado **B.8 INGRESOS POR CONVOCATORIAS, CONVENIOS E CONTRATOS**, os investigadores piden que se inclúan os proxectos de **ámbito autonómico**, igual que as de ámbito nacional ou internacional.

Nos ingresos xa están incluídos, agora ben tendo en conta o corpo da convocatoria non poden computarse os procedentes de GRC, GPC, REDES, EMERXENTES ou EXCELENCIA. Afectaría a outro tipo de proxectos e convocatorias **non podendo computarse as antes ditas e que pertencen ao Programa de consolidación.**

4. No apartado **B.9.1 RELACIÓN DOS 5 ARTIGOS EN REVISTAS INDEXADAS EN SCOPUS / WoS QUE CONSIDERE MÁIS RELEVANTES**. No caso dos 4. Grupos de Ciencias Sociais e Humanidades podemos meter as que están incluídas noutros índices por exemplo (ERIH, IN-REC, INRECI,ETC) . No apartado de requisitos pódense incluír.

Admítese unicamente como requisito mínimo de entrada, pero non como elemento a valorar polos avaliadores no baremo. De feito xa estaba excluído en convocatorias anteriores.

5. Pódese incluír a produción de todos e cada un dos membros ou so a dos investigadores (artigo 2). Esta consulta tamén afectaría ao apartado B.9.2 da memoria.

Poden incluírse todos os membros que aparezan nos certificados de composición dos grupos agás os colaboradores externos.

6. Dentro do apdo A4, en que subapartado se inclúen os contratados como "técnicos superiores de apoio á investigación" contratados con cargo a proxectos ou convenios? Van baixo o epígrafe de "TÉCNICOS/AS DE LABORATORIO"?

Podería ser, pero entendemos como preferible incluílo xunto co persoal de xestión. Pódese precisar mellor a natureza específica deste persoal noutros puntos da memoria como no apartado A2.

7. No apdo. B3 da Memoria (CONTRATADOS/AS PREDOUTORAIS, PROCEDENTES DE CONVOCATORIAS COMPETITIVAS), deben incluírse só os investigadores en formación (FPU e FPI) ou tamén os investigadores en formación contratados mediante convocatoria pública con cargo a proxectos competitivos?

FPU, FPI, Predoc Xunta e outros análogos. Tamén programas propios de axudas xerais á etapa. Nunca os específicos para proxectos determinados ou finalistas.

8. En relación coa composición dos grupos de investigación, temos o caso de membros que estiveron nun Grupo de Investigación no período 2014, 2016, pero actualmente forman parte doutro grupo de investigación. Cómo se contabiliza?, poden estar nos dous grupos

A efectos de realizar o certificado de composición non tendes problema tal e como xa os vides realizando. Aparecerían de alta no período nun grupo e logo a baixa e aparecerían como membros actuais no novo grupo. Aí tal e como os facedes creo que non tendes problema. Á hora de computarlle os méritos, só lle computan no grupo novo, xa que ó investigador sempre se leva os méritos con eles e os aportan no último grupo no que están.

9. En relación cos ingresos e coa interpretación do Anexo 1, punto 2 da convocatoria sería posible valorar a posibilidade de inclusión dos ingresos obtidos por transferencia que non computan dentro do período.

A resposta é que non, non se teñen en conta. Soamente hai que limitalos ao que pon no Anexo I, punto 4.2 relativo ao certificado de ingresos e aí se aclara o que se entende por ingresos de I+D.